



Acordo do COMITÉ DE DIRECCIÓN da EIDUDC do 10 de xuño de 2014 sobre o modo de actuación naqueles casos en que o alumnado non presente o plan de investigación no prazo establecido no Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC.

O artigo 30 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC (REDUDC) indica que "antes de seis meses, que comezarán a contar desde a data da matrícula, o doutorando elaborará un plan de investigación que... deberá ser aprobado pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD)". No obstante, nin o Real Decreto 99/2011 nin o REDUDC indican o modo de actuación naqueles casos en que o alumnado non presente o plan de investigación neste prazo.

Así, para aqueles casos en que o alumnado non presenta o plan de investigación no devandito prazo, o COMITÉ DE DIRECCIÓN da EIDUDC do 10 de xuño de 2014, a proposta da Comisión Permanente da EIDUDC (Acordo 26 de maio de 2014) unha vez consultado o Vicerreitor de Investigación e Transferencia e o Vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, aproba o seguinte acordo:

No caso de que un/unha estudante de doutoramento non presente o plan de investigación para a súa aprobación pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) no prazo establecido no Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC (REDUDC), se concederá un mes adicional para presentar o plan, que deberá ser aprobado pola CAPD.

Se, tras este mes adicional ao prazo establecido no REDUDC, o/a estudante non presenta o seu plan de investigación, considerarase que desiste de continuar cos seus estudos de doutoramento e causará baixa no programa de doutoramento.